

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE TROCO DE RÉXIME XURÍDICO 11/12/2024

Este martes realizamos una nova reunión do Grupo de Traballo de Troco de Réxime Xurídico, estas son as principais novidades:

A Administración facilitounos os datos do estado actual das diferentes convocatorias, participación nas mesmas e previsión para as que faltan. **Laméntanse sobre a escasa participación do persoal e incluso chegaron a poñer en dúbida o compromiso de realizar tres convocatorias de cada categoría profesional. A CIG fomos o único sindicato**, por máis que outros agora o inclúan nas súas notas informativas, **que manifestamos a incerteza do persoal no referido ás funcións e as características dos postos reconvertidos**. Xa levamos varias reunións reclamando que aclaren cos Ministerios e Organismos (principalmente o INe) **cales van a ser as funcións do persoal** que cambie de réxime, tendo en conta os postos de orixe como persoal laboral (**xornada, dispoñibilidade horaria.....**). Desta situación demos tamén traslado ó INe para que deixen claro cales van a ser as consecuencias **e quede plasmado por escrito e así evitar diferentes interpretacións nos distintos centros de traballo**.

Función Pública trasladounos a súa intención de crear os novos postos cos **mesmos complementos de destino e específico que os que se dan para o persoal de novo ingreso** (No caso do INe un nivel 16 e un específico de aproximadamente 4600€). Desde a CIG manifestamos a nosa desconformidade con este criterio. **Solicitamos que teñan en conta as propostas dos departamentos** e que os postos **teñan as mesmas características** que os do resto de persoal das unidades onde van a seguir traballando, **que non sigan creando diferenzas retributivas para persoal que realiza o mesmo traballo** e ten as mesmas funcións. Dixeron que o estudarían cos ministerios, pero non esperamos que muden de opinión se non é a través de sentenzas xudiciais.

Outra cuestión que trasladamos desde toda a parte social, é a da enorme lentitude do proceso. Case seis anos despois da sinatura do Convenio, **aínda non rematou nin a primeira convocatoria**. As convocatorias do 2G e o 1G tampouco teñen data, co que moitas persoas susceptibles de participar, xa están ou están a piques de xubilarse.

Con todos estes condicionantes o raro é que alguén se presente. Dixemos que **moitas persoas estaban esperando a ver que pasa co persoal que cambia de réxime na primeira convocatoria para decidir se se presentan ou non** ás seguintes. Por iso, **nos parece gravísimo que poñan en dúbida a realización das próximas convocatorias acordadas** e estremos atentos para denunciar os incumprimentos.

Seguiremos informando.

Se estades interesados en ampliar información, tedes os datos de contacto ó pé da nota.

acoruna.estado@cigadmon.gal

www.estado.cigadmon.gal

Telf. 881 909 821